

Concello de Viveiro

EXPTE.- 667/2025

RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO CORRESPONDENTE Á PROBA LEVADA A CABO ÁS 13:00 HORAS DO 16 DE XULLO DE 2025 POLO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT OPERARIO/A CON DESTINO CEMITERIO (OP0.1/138) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZO ESPECIAL, SISTEMA OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, PERSOAL LABORAL FIXO.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 17 de febreiro de 2025 Núm. 039, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 13 de febreiro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 26 de febreiro de 2025, DOG Núm. 39, publicase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2024).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 25 de marzo de 2025, Núm. 72, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) persoal laboral fixo na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 17 de xuño de 2025, así como a corrección de erros do nomeamento do Tribunal publicada no taboleiro de edictos dixital.

Os membros do Tribunal proceden á corrección do primeiro exercicio dos aspirantes presentados en atención á base xeral 10.

Vista a base xeral 10, que sinala: “(...)PRIMEIRO EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Realización dun exame que versará sobre temas comúns e materias do programa que figura nas presentes Bases. Consistirá en responder a un cuestionario tipo test de preguntas con respostas alternativas, das que unha soa será correcta. O número de preguntas será de trinta, sobre os temas que se relacionan nas presentes Bases. Engadiranse 3 preguntas adicionais de reserva que serán valoradas no caso de que se anule algunha das 20 anteriores.

Será valorado de 0 a 10 puntos sendo necesario para aprobar, e superar a proba, obter un mínimo de 5 puntos.

As respostas non contestadas non puntuarán. As respostas incorrectas penalizaranse con 0,20 puntos. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de sesenta minutos...”

As puntuacións deste primeiro exercicio son as seguintes:

N.º DE CONTROL	PREGUNTAS BEN CONTESTADAS	PREGUNTAS MAL CONTESTADAS	PREGUNTAS EN BRANCO	PUNTUACIÓN
001	21	6	3	5,8
002	22	4	4	6,53
003	19	4	7	5,53
005	16	9	5	3,53



Concello de Viveiro

006	13	15	2	1,33
007	18	9	3	4,2

Criterio de valoración: 30 preguntas/ 10 puntos = 0,33 periódico que corresponde co valor de resposta correcta.

COMUNÍCASE aos aspirantes que se procederá á apertura das tarxetas de control identificativas de cada aspirantes, correspondentes a este primeiro exercicio, no día de **venres día 18 de xullo de 2025 ás 08:30 horas** en acto público no Salón multiusos do Concello sito na Praza Maior, N^o1 Viveiro.

Os aspirantes disporán dun prazo de alegacións aos resultados deste primeiro exercicio de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación deste resultado no taboleiro de anuncios dixital. Realizándose a publicación o xoves 17 de xullo de 2025, o prazo de alegacións comprenderá os días 18 e 21 de xullo de 2025.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

A Presidenta,

A Secretaria,

Dna . María Rosario San Isidro Franco

Dna. María Del Carmen Barro Cociña

Os/as vogais,

Dna. Santiago Silva Rey

D. Jose Luis Montero Carrodegua

D. Antonio Manzano Gabarre

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

